

A ESCOLA DA VIDA

Descubriendo o Mediterráneo

12.02.2011**JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO**

Cando dicimos de alguén que descubriu o Mediterráneo estamos a falar do que deu de fociños co que xa había e pensou que o que era novo para el tamén o era para os demais. Así actúan algúns políticos que acaban de chegar ao posto de mandatarios da área de protección de menores cando din que van privilexiar o acollemento e a pechar os centros de menores. A fórmula do acollemento familiar pérdese na noite dos tempos, pero cada novo xerifalte pensa que el soíño descubriu o Mediterráneo, ou vai ser a proba do algodón para que tamén o sexa doutros mediterráneos que exporá como panaceas para arroibo de decatados e aplauso de ignorantes.

Entrando xa en materia, hai que dicir que parece contraditoria, por exemplo, que sexamos o segundo país do mundo en adopcións internacionais pero non esteamos entre os primeiros respecto dos acollementos familiares. A razón principal é que, para os españois, os vínculos afectivos familiares son moi importantes, levando a que moitos non desexen ter un neno só temporalmente, e, pola contra, o queira adoptar e que pase a ser o seu fillo.

Esta primeira variable fai que en España non se ofrezan tantas familias para o acollemento como noutros países, ao que hai que engadirlle outras circunstancias concomitantes ao propio tema do acollemento, como poden ser, as de que os pais biolóxicos que manteñen a tutela non desexen que a Administración lles busque unha familia acolledora aos seus fillos coa que poidan crear uns vínculos que lles reste no seu afecto. Pero tamén, que moitas familias acolledoras ofrécense para unhas determinadas tipoloxías de nenos, excluindo, polo xeral, os grupos de irmáns, os que están na adolescencia ou teñen algún tipo de necesidade especial.

Todas as Administracións españolas veñen potenciando desde hai décadas o acollemento, pero a cultura familiar española neste tema dá o que dá de si, polo que querer pór de novas algo que xa se vén facendo non é máis que a falacia rancia da ignorancia. Ateñámonos aos feitos e non provoquemos derivas cara ao maniqueísmo sobre que os centros son malos para os menores e as familias boísimas, pois tanto uns coma outros teñen os seus hándicaps e as súas virtudes e os dous funcionan no sistema de protección como complementarios e necesarios..